

“...é forzoso recoñecer a medida en que a cultura repousa sobre a renuncia ás satisfaccións instintivas: ate que punto a súa condición previa radica precisamente na insatisfacción (¿por supresión, represión ou algún outro proceso?) de instintos poderosos. Esta frustración cultural rexe o vasto dominio das relacións sociais entre os seres humanos, e xa sabemos que nela reside a causa da hostilidade oposta a toda cultura.

(...) Se a cultura impón tan pesados sacrificios, non só á sexualidade, senón tamén ás tendencias agresivas, comprenderemos mellor porque ao home lle resulta tan difícil alcanzar nela a felicidade.”

(Sigmund Freud. O malestar na cultura)

Cuestións Texto:

1. ¿Con que conceptos relaciona o autor a palabra cultura?, ¿por que?, ¿que visión ofrece este texto da cultura, da civilización?, ¿por que fala do *malestar na cultura*? A pesar deste malestar que ocasiona a vida na civilización, ¿podería o individuo humano vivir sen ela? Razona a resposta e aporta as citas necesarias.
2. ¿Que imaxe traza o texto da natureza humana?, ¿cales serían os impulsos primarios ou básicos do ser humano?, ¿que nomenclatura utiliza Freud para referirse a eles?, ¿como describe estas pulsións primarias?, ¿en que parte da psique humana se localizan?, ¿cal é o principio polo que se rexen? Argumenta as respostas e incorpora as citas precisas.
3. ¿Que elementos da terapia psicoanalítica poderíamos relacionar con certos aspectos da psicoloxía platónica? Razona a resposta.